

SUMARIO

- [1-7] NOVAS
 - [1-4] AGADIC
 - [5] Centro Coreográfico Galego
 - [6-7] Centro Dramático Galego
 - [7] Escola de Altos Estudos Musicais
- [8-10] AXENDA
- [11] ALERTA!
- [12-13] E_SCENA EN CIFRAS



Podes navegar por e_s_c_e_n_a premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_s_c_e_n_a», enderezos de internet e nos nomes dalgúns organismos.

A AGADIC ORGANIZA A EDICIÓN DA FEIRA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS CO MAIOR PERFIL PROFESIONAL

UN TOTAL DE 25 COMPAÑÍAS DE TEATRO E DANZA AMOSARÁN OS SEUS ESPECTÁCULOS DO 13 AO 17 DE OUTUBRO EN 6 ESPAZOS DE SANTIAGO

MÁIS DE 140 PROGRAMADORES, PRODUTORES E DISTRIBUIDORES ESTÁN ACREDITADOS PARA ASISTIR AO AMPLO ABANO DE ACTIVIDADES PREVISTAS

INCORPÓRANSE *SHOWCASES* DE DANZA, MESAS DE DEBATE E ENTRADAS DE BALDE PARA O PÚBLICO. POTÉNCIANSE AS BONIFICACIÓNS Á CONTRATACIÓN EXTERIOR E A ZONA DE MERCADO

Un total de 25 espectáculos –14 de teatro para adultos, 8 de teatro para público infantil e 3 de danza– conforman o cartel artístico da Feira Galega das Artes Escénicas 2008, que se desenvolve do 13 ao 17 de outubro en seis espazos de Santiago de Compostela. Esta é a primeira edición da Feira que se organiza desde a nova AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), o que redundará nun maior perfil profesional do evento mediante a incorporación de novas fórmulas de encontro tanto cos axentes culturais como co público.

[continúa na pantalla seguinte]

e-sцена é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo AGADIC

D.L.: C-826-06

BOYs

[vén da pantalla anterior]

Máis de 140 programadores, distribuidores e produtores do sector escénico procedentes de diferentes puntos da península están acreditados para asistir ao amplo abano de actividades previstas, nas que este ano se inclúen por vez primeira *showcases* de danza e mesas de debate sobre distintos aspectos do sector. Xunto coa asistencia aos espectáculos, unha credencial informatizada dará acceso igualmente ao resto das actividades da Feira, que traslada a súa sede central ao Auditorio de Galicia, espazo que acollerá unha potenciada zona de mercado e no que se levarán a cabo as contratacións de espectáculos bonificadas.

No Auditorio de Galicia quedarán ubicadas a oficina de coordinación, dúas mesas de debate, un dos escenarios de exhibición, o restaurante e unha zona de mercado que albergará 16 *stands* a cargo de institucións (o Goberno vasco, en calidade de Comunidade autónoma convidada nesta edición), asociacións profesionais (Asociación Magos Profesionais de Galicia, Escena Galega, Federación de Libreiros de Galicia - Ler Librerías) e empresas escénicas (Artesán Teatro, CaChuzo Teatro, Caramuxo Teatro, Compañía Femme Fatale, Eme2, Espello Cóncavo, Teatro do Morcego, Os Monicreques de Kukus, Pistacatro, Talía Teatro, Teatro Galileo e Títeres Cachirulo).

Canto ás mesas de debate, a primeira delas celébrase o 14 de outubro baixo o título "Creación de públicos", para a que se conta coas intervencións como relatores de Grego Navarro de

Luis, especialista en xestión de públicos pola Universidade de Warwick (Reino Unido); Ze Rui, director artístico de Trigo Limpo Teatro Acert (Tondela, Portugal); Agustín Lorenzo, programador do Teatro Rosalía Castro da Coruña; e Miguel Varela Gorgojo, programador do Teatro Bergidum de Ponferrada. Miguel Alfaya, programador do Teatro Municipal Área Panorámica de Tui será o encargado de moderar esta primeira mesa, mentres que Ana Barba, programadora do Auditorio das Pontes, será a moderadora da segunda, "Danza a escena", que terá lugar o día 15. Neste caso, os relatores serán Esther Vendrell, pedagoga e investigadora; Gonzalo Centeno, programador do Teatro de Barakaldo; e Pablo Rodríguez, director-xerente do Auditorio de Galicia.

UNHA VINTENA DE ESPECTÁCULOS GALEGOS

Dos espectáculos que conforman o cartel artístico, 20 corresponden a compañías galegas, tres proceden de Portugal e dous de Euscadi. Foron elixidos a través de dúas vías: en función dos niveis de distribución na Rede Galega de Teatros e Auditorios, e segundo os criterios de calidade, innovación e actualidade avaliados por unha comisión de selección artística. Os profesionais acreditados terán reservadas as súas localidades para todos os espectáculos que soliciten, en tanto que o restante do aforo dispoñible porase a disposición do público xeral de xeito gratuito.

O programa de actividades paralelas complementase cos *showcases* de



Sarabela Teatro



Voadora



Matarile

horario	Luns 13	Martes 14	Mércores 15	Xoves 16	Venres 17
10 h			Mesa de traballo "Recursos para a danza" (10-14 h) Auditorio de Galicia Sala Circular	Encontros COFAE-distribuidores Auditorio de Galicia Sala Circular	
10.30 h		Trigo Limpo Teatro do Acert / <i>Andar nas nuvens</i> (50') Infantil Auditorio de Galicia Sala Mozart	Berrobambán <i>Boas noites</i> (75') Familiar Auditorio de Galicia Sala Mozart	Marie de Jongh <i>¿Por qué lloras, Marie?</i> (55') Infantil Auditorio de Galicia Sala Mozart	caChuzo <i>Game Over</i> (60') Infantil Auditorio de Galicia Sala Mozart
11 h	Apertura da Feira	Comunicación galardoada premios Álvaro Cunheiro, Manuel María e Barriga Verde 2008			
	Auditorio de Galicia Sala Circular				
12 h		Alexis Fernández e Caterina Varela / <i>Ven</i> (15') Showcase de danza Adro ARTeria Noroeste-SGAE	Anuska Alonso <i>5.00 a.m.</i> (15') Showcase de danza Adro ARTeria Noroeste-SGAE	Carlota Pérez e Pablo Rdgz. / <i>Mejor solos que mal acompañados</i> (15') Showcase de danza Adro ARTeria Noroeste-SGAE	Nova Galega de Danza <i>Tradicción</i> (80') Danza Auditorio de Galicia Sala Ángel Brage
12.30 h		Galitoun <i>Babiliglub</i> (35') Infantil ARTeria Noroeste-SGAE	Artello Teatro alla scala <i>1:5 / Polgariño</i> (50') Infantil ARTeria Noroeste-SGAE	Títeres Cachirulo <i>Típico tópico</i> (55') Infantil ARTeria Noroeste-SGAE	
13.30 h 15.30 h	Xantar. Restaurante Auditorio de Galicia				
16 h	Teatro Galileo <i>Náufragos</i> (90') Auditorio de Galicia Sala Mozart	Mesa de debate "Creación de públicos" Auditorio de Galicia Sala Circular	Mesa de debate "Danza a escena" Auditorio de Galicia Sala Circular	Os Monicreques de Kukus <i>7 contos capitais</i> (60') Sala Nasa	Katarsis, Educación- Teatro / <i>Pacama</i> (30') Infantil ARTeria Noroeste-SGAE
16.40 h					16.40 h Javier Martín <i>Días pimienta</i> (15') Showcase de danza Adro ARTeria Noroeste-SGAE
18 h	Peripecia Teatro <i>Novecentos.</i> <i>O pianista do océano</i> (90') Teatro Galán			BStudio Danza <i>Sono silente</i> (50') Danza Teatro Galán	17.30 h Teatro do Morcego <i>O club da calceta</i> (100') Sala Nasa
19 h		PT Excéntricas <i>No coment (Obra)</i> (90') Auditorio de Galicia Sala Mozart	Voadora <i>PeriFeria</i> (75') Sala Nasa		
20 h	Teatro do Noroeste <i>Extrarradios</i> (90') Teatro Principal			20.30 h Sarabela Teatro <i>Dáme veleno</i> (90') Teatro Principal	20 h Teatro de Ningures <i>Bailadela da morte ditosa</i> (100') Salón Teatro
21 h		Kukai-Tanttaka <i>Hnuy illa...</i> (55') Danza Teatro Principal	Talia Teatro <i>E ti, quen vés sendo?</i> (83') Teatro Principal		
23.30 h	Matarile Teatro <i>Animales artificiales</i> (100') Salón Teatro	Companhia do Chapitô <i>Drákula</i> (90') Salón Teatro	Teatro do Atlántico <i>Unha primavera para Aldara</i> (120') Salón Teatro	Lagarta lagarta <i>Aeroplanos</i> (85') Salón Teatro	22.30 h Teatro Oficina <i>O Silenciador</i> (75') Teatro Galán 00.00 h La sonora callejera Sala Capitol Festa-concerto fin de Feira

ZONA DE MERCADO E CONTRATACIÓN, Auditorio de Galicia, 10-13.30 h e 15.30-18 h (venres, 10-13.30 h)



Teatro do Morcego

danza que se desenvolverán no adro da ARTeria-Noroeste (sede da SGAE en Compostela) co obxectivo de achegar aos programadores asistentes unha mostra do traballo que realizan diferentes artistas emerxentes da escena coreográfica galega: Alexis Fernández e Caterina Varela, Anuska Alonso, Carlota Pérez e Javier Martín.

ARTeria-Noroeste incorpórase este ano, xunto co Auditorio de Galicia, á listaxe de espazos escénicos da Feira Galega das Artes Escénicas, que completan a Sala Nasa, Salón Teatro, Teatro Galán e Teatro Principal.

PROGRAMA DE BONIFICACIÓNS

O obxectivo prioritario deste encontro profesional é favorecer a contratación de espectáculos galegos para a súa distribución fóra de Galicia durante 2009 a través do seu programa de bonificacións, que este ano contempla descontos do 40 por cento

para teatros e auditorios públicos ou privados non galegos, e entidades organizadoras de festivais, certames ou feiras; e do 30% para xestoras de redes públicas. Esta porcentaxe incrementase nun 10 por cento no caso de que as solicitantes sexan entidades procedentes de Euscadi, Comunidade convidada.

As bonificacións, que deben solicitarse durante a celebración desta edición da Feira, aplicaranse ás entidades que contén con representación entre os asistentes ao evento. Establécese, ademais, un mínimo de contratación de 2 espectáculos ou 2 funcións para os teatros, auditorios, festivais, certames e feiras, e de 6 funcións para as redes de distribución. As contratacións poderán continuar, unha vez rematada a Feira, até o 31 de outubro.

+ info en feiradasartesscenicass.com



A MÚSICA GALEGA ESTARÁ NO WOMEX CO SEU PRIMEIRO STAND EXCLUSIVO E A 'GALICIAN FOCUS NIGHT'

A música galega estará presente un ano máis no Womex, que nesta próxima edición se desenvolverá en Sevilla do 29 de outubro ao 2 de novembro. A feira de *World Music* máis importante do mundo acollerá unha numerosa presenza galega, que por vez primeira ocupará un *stand* propio en exclusividade. A Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellaría de Cultura e Deporte e a AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) darán cobertura ás dezasete empresas e dúas asociacións galegas que estarán presentes este ano na feira nun importante paso adiante na consolidación da marca GalicianTunes.

As empresas e asociacións que viaxarán a Sevilla son Nordesía, Abada, La Fábrica de Chocolate, Ouvirmos, Zouma, Berrogüetto, Edicións do Cumio, Muxicas, Falcatruada, Sul Producciones, Cáva Producciones, Pai Música, Mare, Nalgures, Lonxa Cultural, Batea, Articket, AGEM (Asocia-

ción Galega de Empresas Musicais) e AGAPHONO (Asociación Galega de Fonografistas).

Ademais, o sábado 1 de novembro a música galega será protagonista no Womex na denominada "Galician Focus Night". Nesta noite, e de maneira focalizada dentro da ampla programación da feira, actuarán os artistas galegos Narf, Mutenrohi e Xosé Manuel Budiño, que ofrecerán cadanseus concertos no Teatro Lope de Vega e no pavillón 2 da Praza de España.

+ info en galiciantunes.com

AS TRES REDES DA AGADIC OFRECEN ATÉ DECEMBRO UN TOTAL DE 646 FUNCIÓNS DE TEATRO, DANZA, MAXIA E MÚSICA

As tres redes de distribución de teatro, danza, maxia e música que promove a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) retomaron a súa actividade para programar até finais de ano un total de 646 funcións, das que 332 corresponden á Rede Galega de Teatros e Auditorios, 207 á Rede Galega de Música ao Vivo, e 107 á Rede Galega de Salas.

Unha das novidades neste último cuatrimestre de 2008 é a incorporación á Rede Galega de Salas de dous novos espazos composteláns: a Sala Santart e o Teatro Escena (edificio ARTeria Noroeste). Os seus escenarios súmanse aos da Sala Nasa, tamén en Santiago; Teatro del Andamio, na Coruña; e Teatro Ensalle e Teatro Arte Livre, en Vigo; para configurar este circuito de salas privadas que no seu segundo ano de funcionamento incrementará en máis dun 66 por cento o número total de funcións (206 fronte ás 124 ofrecidas durante 2007).

No caso da Rede Galega de Música ao Vivo, promovida pola AGADIC en colaboración coa asociación Cluatura, a maxia súmase por vez primeira á carteleira de concertos, de xeito que as 46 salas que a conforman acollerán neste período un total de 145 actuacións protagonizadas por 64 grupos e solistas de diferentes estilos musicais e 62 funcións a cargo de 17 magos.

Pola súa banda, o programa da Rede Galega de Teatros e Auditorios para estes catro meses estará configurado polas últimas propostas de 71 formacións artísticas de teatro de actor, monicreques, danza, maxia e música de cámara, a meirande parte delas galegas. As actuacións desenvolveranse en diferentes escenarios dos 41 concellos e entidades que participan no circuito.

+ info en culturavai.info

A RGMV ESTÉNDESE AO CIRCUÍTO PORTUGUÉS 'OUTONALIDADES'

A AGADIC e a d'Orfeu Associação Cultural de Portugal estableceron un acordo para que a rede de música "OuTonalidades", que promove desde hai 12 anos en Portugal a devandita asociación, teña a súa extensión en Galicia a través dun réxime de intercambio entre grupos galegos e portugueses e a implicación dos locais da Rede Galega de Música ao Vivo.

Esta primeira edición do acordo implica que se realizarán 21 concertos de 6 grupos portugueses (Joao Gentil e Luis Formiga, Mú, Q. Sofia Ribeiro, Rui Pedro, Toques do Caramulo e Uxu Kalhus) en Galicia e 15 concertos de 5 grupos galegos (Bukowski Blues Trío, Carlos López Quartet, Moondogs Blues Party, Niño & Pistola e Tuna Rastafari) en Portugal, nun circuito

total integrado por 19 salas (12 en Portugal e 7 en Galicia).

A programación en Galicia principia o 17 de outubro e discorre até o 30 de novembro por Allariz (Sala Roi Xordo), Nigrán (Sala Clandestino), Bueu (Aturuxo), Lugo (Clavicémbalo), O Grove (Náutico), Melide (Pub Gatos) e Ferrol (Sala Run Rum); en tanto que en Portugal iniciarase o 10 de outubro no Espaço d'Orfeu en Águeda e clausurarase simultaneamente o 20 de decembro en Águeda e na Casa da Eira de Paços de Ferreira, despois de ter visitado tamén o Novo Ciclo Acert de Tondela, o Auditorio M. de Chaves, o Cine-Teatro de Estarreja e a Casa da Moagem de Fundão.

+ info en
www.dorfeu.com e
www.myspace.com/outonalidades08

POGRAMA OUTONALIDADES

CIRCUÍTO GALEGO:

14/11	Roi Xordo (Allariz)	Joao Gentil e Luis Formiga
15/11	Clandestino (Nigrán)	Joao Gentil e Luis Formiga
21/11	Aturuxo (Bueu)	Joao Gentil e Luis Formiga
22/11	Clavicémbalo (Lugo)	Joao Gentil e Luis Formiga
13/11	Clandestino (Nigrán)	Mú
14/11	Náutico (O Grove)	Mú
15/11	Gatos (Melide)	Mú
29/11	Aturuxo (Bueu)	Mú
31/10	Run Rum (Ferrol)	Q. Sofia Ribeiro
01/11	Clavicémbalo (Lugo)	Q. Sofia Ribeiro
17/10	Clandestino (Nigrán)	Rui Pedro
18/10	Roi Xordo (Allariz)	Rui Pedro
29/11	Clavicémbalo (Lugo)	Rui Pedro
18/10	Run Rum (Ferrol)	Toques do Caramulo
28/11	Gatos (Melide)	Toques do Caramulo
29/11	Náutico (O Grove)	Toques do Caramulo
30/11	Aturuxo (Bueu)	Toques do Caramulo
24/10	Gatos (Melide)	Uxu Kalhus
25/10	Roi Xordo (Allariz)	Uxu Kalhus
31/10	Náutico (O Grove)	Uxu Kalhus
01/11	Run Rum (Ferrol)	Uxu Kalhus

CIRCUÍTO PORTUGUÉS:

31/10	Casa da Eira (Paços de Ferreira)	Bukowski Blues Trío
01/11	Novo Ciclo ACERT (Tondela)	Bukowski Blues Trío
13/11	Auditorio M. de Chaves (Chaves)	Carlos López Quartet
14/11	Cine-Teatro de Estarreja (Estarreja)	Carlos López Quartet
15/11	Casa da Eira (Paços de Ferreira)	Carlos López Quartet
28/11	Cine-Teatro de Estarreja (Estarreja)	Moondogs Blues Party
29/11	Casa da Moagem (Fundão)	Moondogs Blues Party
19/12	Espazo d'Orfeu (Águeda)	Moondogs Blues Party
20/12	Casa da Eira (Paços de Ferreira)	Moondogs Blues Party
19/12	Novo Ciclo ACERT (Tondela)	Niño & Pistola
20/12	Espazo d'Orfeu (Águeda)	Niño & Pistola
10/10	Espazo d'Orfeu (Águeda)	Tuna Rastafari
11/10	Casa da Eira (Paços de Ferreira)	Tuna Rastafari
04/12	Teatro Municipal da Guarda (Guarda)	Tuna Rastafari
05/12	Cine-Teatro de Estarreja (Estarreja)	Tuna Rastafari

DAVID ZAMBRANO ENSINA NO CCG A TÉCNICA "FLYING LOW"

Do 6 ao 10 e do 13 ao 17 de outubro, o recoñecido bailarín e coreógrafo David Zambrano imparte nos locais do Centro Coreográfico Galego na Coruña un curso da técnica Flying low, nunha iniciativa pedagóxica que está dirixida a profesionais da danza e outras artes do movemento, así como a estudantes de nivel medio-alto.

Esta técnica, que inventou o propio Zambrano, céntrase na relación do bailarín co peso, coa terra e a súa superficie. O coreógrafo utiliza patróns de movemento para exercitar a respiración, a velocidade e a liberación de enerxía. A través destes exercicios conséguense activar a relación entre o centro e as articulacións.

David Zambrano leva máis de 20 anos adicándose á danza. Como creador e educador visitou máis de 40 países e traballou con máis de 25.000 estudantes. É fundamentalmente coñecido polas súas dotes de bailarín improvisador e por ter desenvolvido os principios da técnica Flying low. Nado en Venezuela, cidade na que fundou o Festival de Danza Postmoderna, Zambrano viviu 15 anos en Nova York, onde desenvolveu boa parte do seu labor. Na actualidade reside en Amsterdam, onde continúa traballando como bailarín e docente.



O CCG PON EN MARCHA O PROGRAMA PEDAGÓXICO PARA CENTROS EDUCATIVOS

O CCG acaba de pñer en marcha o seu programa pedagóxico dirixido a centros educativos da área metropolitana da Coruña. Con este programa de formación, o CCG quere converter a danza e a música en ferramentas formativas para o desenvolvemento integral do individuo.

O programa está formado por seis unidades didácticas, tres de danza e tres de música, que a través de actividades lúdicas tentan achegar estas artes aos máis mozos.

As unidades didácticas de danza pretenden que o alumno recoñeza a importancia desta arte como medio de expresión, experimentándoa como unha actividade sinxela e divertida que permita a relación cos outros. A través de distintas actividades tamén se introduce aos estudantes nas danzas doutros lugares do mundo. As unidades didácticas de música, mediante distintos exercicios prácticos, dan a coñecer aos alumnos os instrumentos máis importantes da música tradicional galega.

BÁRBARA BAÑUELOS REMATA A SÚA RESIDENCIA ARTÍSTICA NO TEATRO GALÁN DE SANTIAGO

Bárbara Bañuelos presentou ao público o resultado da súa residencia artística realizada no Teatro Galán de Santiago, que leva por título *90dB* e resultou ser un xogo interactivo co que aprender a sensibilizarse con outras realidades.

Co programa artistas en residencia, o CCG apoia a creación da danza a través da investigación, apostando por proxectos arriscados que buscan novas linguaxes artísticas. Este sistema ofrece aos artistas recursos para investigar e experimentar, traballando en rede con distintas cidades galegas.

En *90dB*, Bárbara Bañuelos conta coa colaboración dos intérpretes Liz Vahía, Chase Granoff e Emilio Tomé; de Guamán de Yarza na realización e produción audiovisual e no deseño e realización de escenografía, de Hong-Kai Wang na realización e produción de son, e de Emilio Valenzuela como asistente e operador técnico.

Durante a súa residencia artística Bárbara Bañuelos impartiu un taller sobre a creación de *90dB*, no que estableceu unha relación do movemento coa linguaxe e a composición coreográfica. No curso, ao que asistiron 20 actores e bailaríns galegos, a artista traballou co corpo físico, emocional e intelectual tratando de desenvolver a capacidade de percepción e entendemento.

ÉXITO DA 'SINFONÍA' QUE SIMBOLIZOU A APERTURA DA NOVA TEMPORADA

O pasado 19 de setembro tivo lugar o acto de apertura de temporada do Centro Dramático Galego (CDG), que se escenificou coa representación da *performance* "Sinfonía", dirixida por Víctor Hugo e interpretada por un grupo de 13 alumnos e alumnas de distintos centros de ensino teatral de Santiago.

Ante a mirada da conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, da directora do CDG, Cristina Domínguez, de numeros convidados do sector escénico galego e mesmo curiosos que se concentraron diante do Salón Teatro, os actores e actrices participantes realizaron unha acción escénica especial, duns quince minutos de duración, intervinde en toda a fachada do edificio. Coas portas e ventás do teatro abertas de par en par e provistos de espellos, os *performers* conseguiron simbolizar a comunicación bidireccional que debe existir entre o traballo dentro do teatro e a vida cotiá na rúa.

Dúas producións propias coa súa conseguinte distribución, outros tres espectáculos en réxime de coprodución con grupos privados, o mantemento da programación do Salón Teatro e a continuidade do Centro de Creación Dramática Contemporánea son os eixos fundamentais que centrarán a actividade do CDG para a nova temporada,



a que vai de setembro de 2008 até xullo de 2009 e na que se cumprirá o 25 aniversario do nacemento da única compañía institucional de teatro de Galicia.

+ info en
www.centrodramatico.org

CACHUZO ESTREA 'GAME OVER', PREMIO MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL

O Salón Teatro acolle os días 3, 4 e 5 de outubro a estrea do espectáculo infantil *Game over*, da compañía Teatro CaChuzo. Carlos Losada é o autor e director desta obra pola que obtivo o Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2007, para cuxa representación conta cun elenco integrado por Silvia Cerniera, Fernando Epelde,

Christian Escuredo, Daniel Méndez, Laura Mígyes e Pepa Yáñez.

Roi é o personaxe protagonista de *Game over*, un neno que prende a videoconsola para botar outra partida co seu xogo favorito desde hai unhas semanas, a última versión dos súper loitadores *Mortal Kombat versión 3.0*. Pendente de chegar ao gran final do xogo, nín atende a chamada do seu amigo Sebas nin a do pai, e ten unha boa liorta coa nai. Roi, malia todo, xoga coa consola até quedar durmido deixando a Ken, o personaxe do seu videoxogo favorito, perdido baixo as letras vermellas de «Game Over». Roi emprende así a viaxe ao seu país das marabillas e dos seus medos.

O xurado que premiou este texto, que acaba de ser publi-

cado por Edicións Xerais, salientou o interese do tema central da peza, o illamento ao que se someten na actualidade os cativos enganchados ao mundo das pantallas. Así mesmo, destacou o interesante tratamento que se concede á violencia e a introdución da máquina como un dos personaxes.

A programación do Salón Teatro continuará do 9 ao 12 de outubro, cando se poderá ver a produción de Lagarta Lagarta *Aeroplanos*, unha comedia orixinal do arxentino Carlos Gorostiza baixo a dirección de Rosa Álvarez e protagonizada por Ernesto Chao e Xosé M. Olveira "Pico". En novembro ocupará o escenario o espectáculo *Nou I D*, a cargo da plataforma artística catalana Kònic Thtr., que

desenvolverá un proxecto de escena interactiva para danza e voz os días 1 e 2. A compañía madrileña Atra Bilis actuará os días 22 e 23 con *El año de Ricardo*, de creación e dirección de Angélica Liddell. Xa en decembro, do 18 ao 21, a compañía Teatro do Atlántico interpretará *Unha primavera para Aldara*, o primeiro texto teatral da autora Teresa Moure, gañador do XIII Premio Rafael Dieste.

O CDG REPÓN "VALDEMULLER" DENTRO DO FESTIVAL GALICREQUES

O CDG reporá a montaxe *Valdemuller* para facer unha actuación dentro do festival Galicreques, que terá lugar o vindeiro sábado 11 de outubro no Teatro Principal de Santiago de Compostela, un dos espazos deste Festival, que se celebra

do 6 ao 12 de outubro en distintos escenarios e rúas da cidade.

A compañía que integran as actrices-manipuladoras Alba Grande, Montse Piñón, Raquel Queizás e Manuela Varela vólvese reunir para dar vida unha vez máis aos 17 bonecos que poboan na historia de Mina, o texto de X.A. Neira Cruz que fora dirixido para a temporada 2007-2008 con gran éxito por Pablo Vergne, director de teatro de obxectos arxentino afinado en Madrid.

A reposición forma parte da política do CDG de posibilitar a recuperación de producións anteriores para contribuír á súa maior rendibilidade social, asociada a fins ou festivais concretos. Esta mesma política foi levada a cabo tamén con outras montaxes como *Noite de Reis* ou *A piragua*.



O CDG ESTREA O 24 DE OUTUBRO 'A BOA PERSOA DE SEZUÁN' A CARGO DE NUNO CARDOSO

A *boa persoa de Sezuán*, a primeira das dúas producións propias do CDG para a actual temporada, estréase o día 24 de outubro no Salón Teatro, escenario en que ofrecerá dúas funcións máis os días 25 e 26 antes de iniciar a xira por distintos escenarios galegos. Regresará ao espazo compostelán o 26 de novembro onde permanecerá ata o 14 de decembro.

Nuno Cardoso, un dos responsables do bo momento que atravesamos a creación dramática contemporánea en Portugal, conta para este proxecto cun elenco no que participan once actores e actrices galegos: Rosa Álvarez, César Cambeiro, Antón Coucheiro, Mónica García, Rocío González, Roberto Leal, Rebeca Montero, Marta Pazos, Alberto Rolán, Toni Salgado e Hugo Torres.

Un expatriado Bertolt Brecht escribiu en California esta fábula amarga onde a bondade é detestada ao límite nun mundo desprovisto dela. A obra comeza coa baixada á Terra de tres deuses coa esperanza de atopar persoas que sigan os seus ditados, isto é, que sexan persoas boas e xustas. A pri-

Esaios de 'A boa persoa de Sezuán'



meira que descubren é a única que os acolle en Sezuán, Shan-Che, unha prostituta á que premian dándolle outro medio de vida: unha tenda de tabaco. Pero os habitantes da aldea non tardarán en aproveitarse descaradamente das boas intencións da moza, polo que esta, cansada deles, decide disfrazarse dun personaxe masculino chamado Shui-Ta que, con enorme frialdade, expulsa a todos os que queren vivir a conta do seu sacrificio.

+ info en
www.centrodramatico.org

CÁNDIDO PAZÓ, MAXI RODRÍGUEZ, ENZO CORMANN, ELYSE DOGSON E ANGELICA LIDELL, MESTRES DE 'PISTAS PARA UNHA DRAMATURXIA DA ACTUALIDADE III'

O autor e director teatral Cándido Pazó asume por terceiro ano consecutivo a dirección do obradoiro permanente de escrita teatral "Pistas para unha dramaturxia da actualidade", que se insire no Centro de Creación Dramática Contemporánea do CDG e que se desenvolverá do 17 de novembro de 2008 a maio de 2009. Ao igual que as convocatorias anteriores, a terceira edición deste curso ten como obxectivo facilitar o encontro entre os participantes con autores en activo,

para o que se contará coa colaboración de dramaturgos nacionais e internacionais.

O autor asturiano Maxi Rodríguez impartirá do 19 ao 23 de xaneiro o primeiro dos obradoiros. Xa en febreiro, do 23 ao 27, o mestre será Enzo Cormann (Francia), un dos grandes nomes europeos de escrita dramática e responsable desde o ano 2000 do departamento de escritura dramática na Escola Nacional Superior das Artes e Técnica do Espectáculo (ENSATT). A finais de marzo está previsto un taller a cargo de Elyse Dogson (Reino Unido), directora asociada e xefa do departamento internacional do Royal Court Theatre de Londres. Finalmente, a directora e dramaturga Angélica Liddell impartirá o 24 de novembro unha lección maxistral.

Os destinatarios desta actividade son persoas que teñan especial interese pola escrita dramática e preferiblemente relacionadas coas artes escénicas no campo amateur ou profesional. Os interesados en participar no curso, para o que se establece un límite máximo de 12 prazas, poderán inscribirse desde o martes 7 de outubro e até o vindeiro 3 de novembro nas oficinas do CDG (Rúa Nova, 34. Santiago), en horario de 9.00 a 14.30 horas. O prezo da matrícula é de 260 euros, cun desconto do 50 por cento para profesionais da escena, desempregados e estudantes.





A EAEM ABRE O CURSO 2008-2009 CUN TOTAL DE 47 ALUMNOS ACTIVOS E OÍNTES

A Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) abre o 6 de outubro o curso lectivo 2008-2009, para o que están matriculados un total de 47 alumnos, dos que 11 pertencen á categoría de oíntes. Os estudantes inscritos nas distintas categorías instrumentais (violín, viola, violonchelo, contrabaixo, clarinete, oboe, fagot, trompa, frauta, trombón, trompeta e percusión) que ofrece este centro para a educación musical da Consellaría de Cultura e Deporte, iniciarán o calendario de actividades pedagóxicas previstas dentro da Sección de Especialización.

Entre as clases que recibirán nos vindeiros meses figuran sucesivas convocatorias de cursos-conferencias de

análise musical e encontros de práctica orquestral. Así mesmo, están fixados concertos tanto internos como públicos a cargo de alumnos solistas, de cámara e da orquestra completa para todos os meses a partir de xaneiro. O profesor Jordi Mora será o encargado de impartir o primeiro encontro de práctica orquestral entre o 15 e o 20 de decembro; en tanto que Maximino Zumalave dirixirá o segundo encontro do 16 ao 21 de febreiro; e Antoni Ros Marbà o terceiro, que terá lugar do 14 ao 23 de marzo. Marbà traballará sobre un programa de obras de Wagner, R. Strauss e M. Ravel; e ofrecerá dous concertos públicos o 22 de marzo no Auditorio de Galicia de Santiago e o 23 de marzo no Pazo da Cultura de Pontevedra.



02 XOVES	Disque Danza <i>Menú vexetal (Dáme verde)</i> Foz 19.00 h SALA BAHÍA	Teatro do Noroeste <i>Extrarradios (comedia das mulleres desamparadas)</i> Ourense 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL						02 XOVES	
03 VENRES	Sarabela Teatro <i>Cristovo e o Libro das Marabillas</i> Tui 20.00 h TEATRO ÁREA PANORÁMICA	Lagarta Lagarta <i>Aeroplanos</i> Narón 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL				Cámara Negra Teatro <i>Hamletmaschine</i> Vigo 21.30 h TEATRO ARTE LIVRE	Pisando Ovos <i>Menos 1</i> Vigo TEATRO ENSALLE	03 VENRES	
04 SÁBADO	Entremans <i>Que pasa aquí?</i> Cangas 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Lagarta Lagarta <i>Aeroplanos</i> Narón 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL				Iria Producciones <i>Sobre flores y cerdos</i> Monforte 20.00 h EDIFICIO MULTIÚSOS	La Imagina Machina <i>Ubú Rei</i> Oleiros 20.30 h AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ	04 SÁBADO	
